

Dependencia ARQ.- Arqueoloxía 522.- JLUAN		
Documento ARQ13I08T	Expediente ARQ/8/2019	Fecha 07-11-19 09:48



"Unha maneira de facer Europa"

**Asunto**  
**INTERVENCIÓN ARQUEOLÓXICA. SONDAXES VALORATIVAS NO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO EXTERIOR DO CASTELO DE A ROCHA FORTE.**

*Interesado y Localización de la Actividad*  
**CONCELLO DE SANTIAGO**  
**RUA CHURRUCHAO (DO) SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)**  
**CASTELO DE A ROCHA FORTE**

15078DARQ13I08TW



**EXPEDIENTE: Intervención arqueolóxica mediante sondaxes valorativas no proxecto de acondicionamento exterior do castelo de A Rocha Forte (A Rocha, Santiago de Compostela)**

### **Prego de prescripcións técnicas**

#### **1. Fundamentos de derecho específicos en materia de arqueología**

- Lei 16/1985, de 25 de xuño, de Patrimonio Histórico Español.
- Lei 5/2016, do 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade e arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Santiago de Compostela, aprobado definitivamente por Orde do 1 de setembro de 2008 (DOG nº 185 do 24 de setembro de 2008 e BOP nº 56 do 10 de marzo de 2009).
- Plan de Protección, Mellora Medioambiental e Acondicionamiento do curso fluvial do río Sar no treito Conxo - A Rocha (PE 4R).
- Plan especial de protección e acondicionamiento do Parque Arqueológico de A Rocha (PE-7R).

Os tres plans urbanísticos anteriores están directamente relacionados co Camiño Portugués de peregrinación no seu traxecto cara a cidade de Compostela. O ámbito de protección aparece delimitado no Decreto 154/2013, de 5 de setembro, polo que se aproba a

Dependencia ARQ.- Arqueoloxía 522.- JLUAN		
Documento	Expediente	Fecha
ARQ13I08T	ARQ/8/2019	07-11-19 09:48



delimitación dos tramos do *Camiño de Santiago do Norte, Camiño Portugués, Ruta da Prata e Camiño de Fisterra* o seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela e corrección de errores do Decreto 154/2013, DOG 31/10/2013.

## 2. Situación e características do xacemento

O Castelo da Rocha Forte está situado no lugar de A Rocha Vella, na parroquia de A Rocha, no extremo sur do concello de Santiago de Compostela, a uns 3 km ao sudoeste do seu centro histórico.

O castelo foi levantado cara a mediados do século XIII. A primeira referencia documental coñecida da fortaleza <<Rocham Fortem>> aparece co arcebispo Juan Arias Suárez da familia Churrucho, no ano 1255. Nesta época será cando o castelo conseguirá un gran esplendor. A fortaleza, ademais de uso como residencia arcebispal, tivo un papel fundamental no control militar e fiscal das entradas e saídas polo suroeste da cidade.

Ao longo de algo máis de 200 anos esta fortificación será asediada, en varias ocasións, no contexto das loitas entre a burguesía e a nobreza laica contra poderío arcebispal. Por este motivo o castelo será destruído no ano 1467, en tempos do arcebispo Alfonso II de Fonseca, a consecuencia das revoltas Irmandiñas.

O espazo principal do castelo ten planta cuadrangular e unha superficie aproximada duns 3500 m<sup>2</sup>. Conta con dúas murallas defensivas concéntricas e unha torre da homenaxe situada na súa posición central. Desta torre, con planta cuadrangular duns 12 metros de lado, únicamente consérvanse as pegadas das súas cimentacións escavadas sobre a roca e os restos do lenzo noroeste.

Esta primeira muralla conta con dúas entradas. A principal está cara ao noroeste e trataríase dunha torre/porta de grandes dimensións, avanzada sobre un foso, para protexer unha ponte levadiza. Cara ao sur hai outra entrada, actualmente tapiada, dotada de escaleiras e onde tamén hai unha fonte. Ademais, esta primeira muralla, presenta catro torres de planta circular nas súas esquinas e, cando menos, dúas de planta cuadrangular no tramo medio dos lenzos suroeste e sueste.

Dependencia ARQ.- Arqueoloxía 522.- JLUAN		
Documento ARQ13I08T	Expediente ARQ/8/2019	Fecha 07-11-19 09:48



"Unha maneira de facer Europa"

Cinguindo e ampliando este primeiro recinto aparece, rodeándoo a uns catro metros, unha segunda liña defensiva ou *falsabraga* que se adapta á planta da fortaleza ao longo do seu perímetro visible. A *falsabraga* podería estar construída nun momento avanzado da vida útil do castelo, quizais durante o século XV. No interior do castelo foron localizados restos de enterramentos pois aquí había unha capela dedicada a Santa Eufemia que aparece citada nos documentos.

Alén diso, a fortaleza tamén contaba con outros tipos de defensas e instalacións no seu exterior. Tanto polos documentos -que citan tres liñas de muralla con foxo- como polos topónimos das leiras próximas, ou polas estructuras documentadas nas intervencións arqueolóxicas realizadas por fora do castelo, ou ben se temos en conta a topografía do terreo, por todo iso queda determinado que a extensión do xacemento é moito más ampla do que actualmente pódese apreciar a simple vista.

Nun destes documentos (o preito de Tavera-Fonseca) hai unha declaración de Alonso de Souto (folio 474 vo) falando das defensas do castelo: <<que tenia tres cercas alderredor una primera e luego otra cabe della e la barrera que tenia debajo de las dichas dos cercas e que todo hera de piedra de grano muy cerrada e labrada toda>>.

Polo tanto, segundo esta mesma documentación, habería unha terceira muralla que tería ameas como as torres e que pecharía un espazo o bastante amplio como para protexer as dependencias que acollían a decenas ou centos de persoas e animais: <<... y abia caballerizas donde cabian mas de doscientos caballos y palacios y hedefíos de serbio y aposento para mas de dozentos onbres e muchos pertrechos e municiones...>> (citado por Portela, Pallares e Sánchez 2004. *Rocha forte, el castillo y su historia*. Páx. 32). As dimensións deste conxunto defensivo deberían ser bastante destacábeis para os habitantes da época, pois nos documentos coméntase desta fortaleza que <<parescía una ciudad>> e que era considerada <<la mas grande y mas fuerte fortaleza de todo el Reino de Galicia>>.

A extensión desta fortificación tamén aparece ratificada pola aparición de vestixios no exterior do castelo froito de diversas actuacións arqueolóxicas realizadas por fora da

<b>Dependencia ARQ.- Arqueoloxía 522.- JLUAN</b>		
<i>Documento</i> ARQ13I08T	<i>Expediente</i> ARQ/8/2019	<i>Fecha</i> 07-11-19 09:48



"Unha maneira de facer Europa"

segunda muralla. Durante as intervencións realizadas entre 2002 e 2006 -dirixidas por Raquel Casal e Fernando Acuña- e no ano 2013 -baixo a dirección de Mª José Bóveda-, á altura da porta sur, foron atopadas estructuras -canalizacións, muros, etc.- que poderían estar relacionadas cunha terceira liña de defensa.

Cara ao noroeste a uns 50 m. da segunda muralla, nun control arqueolóxico (Veiga 2014) realizado con motivo das obras de retranqueo da L.M.T. eléctrica mediante o paso con perforadora por debaixo da vía do tren, localizouse a menos de 1 metro de profundidade un muro de 1,25 m. de lonxitude e 90 cm. de ancho, realizado con pedras de gran porte. Presenta unha dirección NW-SE e , segundo a opinión da directora da intervención, podería pertencer a algún tipo de estrutura asociada ao castelo.

No ano 2002 -baixo a dirección de Iván Álvarez Merayo- foron realizadas cara ao norte, a carón do castelo nunha terraza ao outro lado da vía do tren, unhas sondaxes valorativas como consecuencia das obras do AVE. A zona sobre a que se actuou trátase dunha terraza probablemente de época moderna, que oculta a topografía orixinal do terreo no momento de funcionamento do castelo; nese momento a forte caída natural contra o río estaría más retraída e polo tanto inmediata á fortaleza. Nesta intervención escaváronse un total de 10 sondaxes e en sete delas localizáronse restos de estruturas: rebaixes, cimentacións de muros, recheos de nivelación, etc. En canto a materiais apareceron fragmentos de cerámica de adscripción medieval, pero en niveis de revolto xunto a materiais modernos e contemporáneos; tamén se atoparon restos de tella e cravos. Posiblemente, algúns destes restos poderían ser coetáneos do castelo (Álvarez 2005).

Algo máis afastado, na rúa Churruchao, a uns 200 metros cara ao sueste do recinto principal do castelo, nun control arqueolóxico (Barbeito 2013) foron atopados restos que poderían estar asociados a esta fortaleza medieval. Nesta intervención, realizada con motivo das obras de instalación dunha liña eléctrica soterrada, apareceron restos de muros, un capitel gótico con decoración vexetal, un fragmento de fuste de columna, un anaco de canal de granito, cerámica medieval, etc. que poderían relacionarse coas defensas externas da

<i>Dependencia ARQ.- Arqueoloxía 522.- JLUAN</i>		
<i>Documento</i> <b>ARQ13I08T</b>	<i>Expediente</i> <b>ARQ/8/2019</b>	<i>Fecha</i> <b>07-11-19 09:48</b>

fortaleza e cos seus sistema de abastecemento de auga. Segundo a memoria deste control arqueolóxico foron atopados restos en varios tramos da rúa Churruchao, concretamente en catro áreas:

- **Área 1.** Nesta zona foron atopados restos de estruturas e depósitos que poderían estar asociados ao castelo. Cabe destacar unha estructura muraria atopada a algo máis de 1 metro de profundidade (E1) <<feita a base de grandes bloques de granito e recheo de cachote más miúdo, con argamasa de area, arxila e cal, conserva unha altura de 95 cm., e un grosor de 110 cm. e cunha orientación NNL-SSW. Presenta ámbolos dous paramentos careados.>> (Barbeito 2013. Memoria do control arqueolóxico, pág. 22). Cara ao oeste do muro E1 hai un corte (E2) no substrato que aparece recheo cun depósito con anacos de tellas. A carón deste muro, polo leste, hai un depósito (9) de derrube da propia estrutura. Tamén apareceu outro muro de menor entidade (E3) aínda que de factura semellante a E1 que aparece asociado a un pavimento de xabre queimado nalgúnsas zonas (E4; E5). Ademais, baixo o depósito de derrube (9) e sobre o pavimento E4 hai un depósito de terra negra (10), vestixio dun posible incendio.

A hipótese interpretativa destas estruturas, depósitos e cortes levan a pensar ao director da intervención a que nos atopamos cos restos da muralla do terceiro recinto defensivo do castelo, suxerindo un nivel de abandono por incendio. Cara ao leste, a carón deste muro apareceu o derrube dunha construción con cuberta de tella, asociada a un pavimento de xabre compactado, que foi destruída por efecto do lume. O corte no substrato podería tratarse dun canle.

- **Área 2.** A secuencia estratigráfica é parecida á da área 1. Apareceron restos de pavimento de xabre (similar a E5) e un buraco de poste duns 20 cm. de diámetro.
- **Área 3.** Hai un cambio na estratigrafía das áreas anteriores. Así, no perfil norte apareceu un <<gran depósito de cachote miúdo e bloques de mediano tamaño de granito e xisto mesturados con terra cunha potencia mínima de 65 cm.>> (Barbeito 2013: 28). Foi interpretado como o posible derrube dunha estrutura (sen asociación

<i>Dependencia ARQ.- Arqueoloxía 522.- JLUAN</i>		
<i>Documento</i> <b>ARQ13I08T</b>	<i>Expediente</i> <b>ARQ/8/2019</b>	<i>Fecha</i> <b>07-11-19 09:48</b>



clara ao castelo) ou ben como un amoreamento de pedras relacionado cun antigo camiño ou valo.

- **Área 4.** Nesta zona apareceron os restos dun posible camiño así como niveis de drenaxe propios de zonas encharcadas. Ademais atopáronse derrubes de estruturas e restos dun posible pavimento.

Doutra banda, nun solar da rúa Churrucho contamos con referencias sobre a aparición de pedras ao facer o soto dunha casa. Este lugar coñecese como o “estanque”. Nas fincas da contorna hai referencias da aparición de tellas.

### **3. Antecedentes: intervencións arqueolóxicas realizadas no xacemento (2001 – 2014)**

No ano 2001, mediante un convenio entre o Concello de Santiago e a Universidade de Santiago, iniciouse a investigación histórica e arqueolóxica da fortaleza da Rocha Forte. As primeiras intervencións prodúcense no ano 2002, mediante unha prospección arqueolóxica intensiva da área, o rexistro topográfico e a limpeza superficial do xacemento. A partir deste ano, e ata 2009, realizaranse seis actuacións arqueolóxicas centradas na excavación e restauración da zona interior ás dúas liñas de murallas do castelo. Catro anos máis tarde, ao amparo da subvención nominativa concedida polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ao Concello de Santiago de Compostela, acometeuse a excavación e restauración das dúas liñas defensivas e de toda a superficie intramuros da fortaleza. Ademais, procedeuse ao peche do xacemento cun valo metálico que protexe o lugar e permite a contemplación dos restos do castelo. Para facilitar a comprensión dos restos, instaláronse tres paneis informativos no exterior do enreixado.

Este proxecto de 2013 permitiu iniciar o programa de divulgación da fortaleza coa edición do libro Rochaforte e a confección dunha páxina web ([www.rochaforte.info](http://www.rochaforte.info)). Nese mesmo ano procedeuse á redacción dun proxecto básico de acondicionamento xeral que organizaba as actuacións de dous grandes capítulos: espazos exteriores e espazos interiores.

Dependencia ARQ.- Arqueoloxía 522.- JLUAN		
Documento	Expediente	Fecha
ARQ13I08T	ARQ/8/2019	07-11-19 09:48



En 2014 foi entregado o Proxecto de execución de acondicionamento exterior do xacemento do castelo da Rocha, redactado por *rv r arquitectos*. As actuacións incluídas neste proxecto de execución axústanse ao previsto no Plan especial de protección e acondicionamiento do parque arqueolóxico da Rocha (PE-7 R), aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local en data 21 de novembro de 2013, así como aos parámetros e criterios técnicos municipais acordados durante o seu proceso de redacción.


Despois da ampla intervención acometida no ano 2013, realizáronse diversas campañas de roza e limpeza vexetal do xacemento, ademais de pequenas consolidacións das estruturas pétreas e morteiros. Tamén, desde 2014, o concello vén ofertando un servizo de visitas guiadas gratuítas.

#### 4. Obxectivo do contrato

O presente contrato ten como obxectivo básico a investigación arqueolóxica do espazo exterior do castelo mediante a realización de sondaxes valorativas. Desta forma, ademais de mitigar a posible afectación das obras previstas para o acondicionamento deste espazo, facilitarase a interpretación arqueolóxica do xacemento, mellorando as posibilidades de investigación, exposición e revalorización.

Esta actuación forma parte da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado do Concello de Santiago (EDUSI Santiago) cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020.

O traballo previsto trátanse dunha intervención arqueolóxicas no xacemento. Neste sentido, o presente prego axústase: ao estipulado nos artigo 95 e 96 da lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia; Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na comunidade Autónoma de Galicia; e ao Plan especial de protección e acondicionamiento do Parque Arqueolóxico de A Rocha (PE-7R).



Documento	Expediente	Fecha
ARQ13I08T	ARQ/8/2019	07-11-19 09:48



Hai que matizar que o acondicionamento do espazo exterior do castelo xorde pola necesidade de corrixir unha serie de debilidades que están a reducir en gran medida o potencial de visita ao xacemento así como a súa difusión e posta en valor. O abandono xeneralizado deste espazo está a limitar en gran medida, ademais do acceso, a capacidade de observación e perspectiva xeral dos restos así como a oportunidade de imaxinar a paisaxe orixinal do castelo.

Dentro destas debilidades do espazo exterior, ademais do descoñecemento arqueolóxico deste sector da fortaleza, podemos incluír: falta de aparcadoiros para turismos e autobuses; accesos pouco adecuados para peóns; zonas encharcadas que dificultan o acceso peonil; barreiras paisaxísticas do castelo e contorna -vía do tren, casas, estradas, etc.-; elementos etnográficos -camiños, valados, etc.- desvalorizados; vexetación deteriorada e abandono dos cultivos tradicionais.

Para corrixir estas debilidades o *Proxecto de execución de acondicionamento exterior do xacemento do castelo da Rocha* contempla as seguintes intervencións:

- 1) Construción dun aparcadoiro
- 2) Acondicionamento do camiño peonil que une o núcleo da Rocha e o aparcadoiro co castelo.
- 3) Ordenación da capa vexetal e plantación de novo arboredo tanto nos terreos que circundan o xacemento arqueolóxico como nos espazos atravesados polo camiño peonil e o espazo do aparcamento.
- 4) Tratamento das áreas encharcadas que rodean a fortaleza e instalación dos sistemas de drenaxe oportunos.
- 5) Construción dunha atalaia - miradoiro sobre o castelo e os terreos circundantes.

En definitiva, o que se pretende é a utilización da fortaleza de A Rocha como recurso expositivo, para contribuír á diversificación e ampliación da oferta de percorridos e visitas en Santiago.

<p>Dependencia ARQ.- Arqueoloxía 522.- JLUAN</p>		
Documento	Expediente	Fecha
ARQ13I08T	ARQ/8/2019	07-11-19 09:48



As normas recollidas no presente prego constitúen a base para a execución dos traballos arqueolóxicos no espazo exterior do castelo. O incumprimento dalgunha das condicións deste documento sen autorización expresa do concello suporá a resolución do contrato.

### 5. Ámbito dos traballos (ver anexo I)

A intervención arqueolóxica abarcará o ámbito no que se desenvolve o proxecto de acondicionamento do espazo exterior do castelo que comprende un total de 12.442 m<sup>2</sup>. Este ámbito comprende: (1) unha franxa, polo exterior, da zona principal do castelo, é dicir, por fora do segundo recinto defensivo; (2) o trazado do camiño de acceso peonil dende o lugar de Rocha Vella ata o castelo; e (3) a área do aparcadoiro proxectado na rúa Churruchao.

Doutra banda, como complemento á investigación arqueolóxica, poderase ampliar o ámbito de intervención arqueolóxica fora da área de obra, naquelas zonas de propiedade municipal.

### 6. Programa de actuacións

A intervención arqueolóxica constará da realización de sondaxes valorativas que deberán ser realizadas con anterioridade ás obras de acondicionamento exterior que teñen por obxectivo a recuperación, integración e posta en valor deste xacemento arqueolóxico mediante a mellora da accesibilidade da súa contorna inmediata e da súa calidade expositiva.

Hai que ter en conta que un dos obxectivos primordiais desta intervención arqueolóxica é a localización e definición da terceira liña defensiva do castelo (muralla e foso) así como doutras posibles estruturas vinculadas á fortaleza.

Hai que matizar que -nun contrato aparte- realizarase unha prospección xeofísica cuxos resultados poderán servir de apoio á planificación das sondaxes arqueolóxicas valorativas.

A escavación arqueolóxica consistirá na realización de sondaxes valorativas, proxectadas e distribuídas de forma que quede suficientemente avaliado o terreo no que se desenvolve o proxecto de acondicionamento exterior do castelo. Esta intervención desenvolverase

Dependencia ARQ.- Arqueoloxía 522.- JLUAN		
Documento	Expediente	Fecha
ARQ13I08T	ARQ/8/2019	07-11-19 09:48



especialmente, naquelhas zonas proxectadas con maior movemento de terras: aparcadoiros, instalación da atalaia miradoiro, accesos, etc. Tamén deberanxe investigar certas zonas como a entrada noroeste ao castelo, ademais daqueles outros sectores de suposta potencialidade arqueolóxica detectados como consecuencia da prospección xeofísica previamente realizada.

A superficie mínima a escavar será de 108 m<sup>2</sup> (cento oito metros cadrados), chegando ata cotas nas que se atopen restos arqueolóxicos ou ben ata substrato natural.

Na zona do aparcadoiro deberanxe escavar 45 m<sup>2</sup> (corenta e cinco metros cadrados). Ademais, unha das sondaxes de 9 m<sup>2</sup> (nove metros cadrados) será realizada na zona de localización da torre miradoiro especificada no proxecto de obra (ver anexo 1). No resto da superficie, a localización das sondaxes, decidirase previamente á redacción do proxecto arqueolóxico en consenso coa Sección municipal de Arqueoloxía e tendo en conta os resultados da prospección xeofísica. En calquera caso esta área de excavación arqueolóxica será de, cando menos, 54 m<sup>2</sup> (cincuenta e catro metros cadrados).

En todo caso a actuación proposta, previamente á autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, deberá contar coa conformidade da Sección municipal de arqueoloxía.

A distribución das áreas de excavación poderá modificarse en función dos resultados preliminares sen que iso supoña o aumento da superficie final previo consenso coa Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e a Sección municipal de arqueoloxía.

### 6.1. Metodoloxía

Realizarase a excavación arqueolóxica mediante sondaxes valorativas, seguindo o sistema de rexistro ideado por Harris e Carandini, ou algunhas das súas derivacións e actualizacións. Para elo:

- Deberanxe numerar, identificar e documentar debidamente as unidades estratigráficas (UEs) de forma individual establecendo a súa tipolóxica (depósitos, estruturas e interfaces). Todo elo deberá rexistrarse mediante un modelo de ficha individual de UES que será presentado coa proposta inicial, previa á adjudicación.



Documento	Expediente	Fecha
ARQ13I08T	ARQ/8/2019	07-11-19 09:48

- As unidades estratigráficas deberán relacionarse mediante os correspondentes diagramas, establecendo as secuencias cronolóxicas e estratigráficas (parciais, de cada una das sondaxes; e xerais, de todas as sondaxes realizadas). Ademais, establecerase una proposta de relación estratigráfica cos resultados das anteriores intervencións no xacemento.
- Realizarase o correspondente rexistro da intervención: debuxo arqueolóxico a escala xeral e de detalle, así coma outros procedementos estandarizados. Para elo documentaranse exhaustivamente os restos arqueolóxicos inmóviles aparecidos, tanto a nivel escrito como gráfico (topografía, debuxo, fotografía e vídeo), tanto de plantas, coma de alzados e seccións.
- O sistema de rexistro deberá permitir o tratamento informático da información e unha xestión eficiente da mesma. Con fichas de rexistro individualizadas das unidades estratigráficas, fichas de materiais, debuxos, planimetria, fichas de toma de mostras, rexistro fotográfico, etc.). Toda a información deberá ir debidamente xeoreferenciada.
- Realizarase a recollida e procesado de mostras para o seu almacenamento e depósito nas condicións pertinentes, para posteriores estudos complementarios. As mostras -debidamente rexistradas, en fichas individualizadas, e embaladas- serán depositadas no museo que se designe na concesión do permiso.
- Realizarase a recollida de mostras específicas para datacións mediante Carbono 14. O número mínimo será de dúas (2) datacións en mostras diferentes (unha por muestra). O adxudicatario do contrato asumirá os seus custos e xestión, debéndose entregar os resultados das mesmas. O sobrante das mostras -debidamente rexistrado, en fichas individualizadas, e embalado- será depositado no museo que se designe na concesión do permiso.

Os traballos de escavación serán realizados de forma manual. De forma excepcional, en función das características dos sectores a escavar (ver anexo 2: resultados da prospección

Dependencia ARQ.- Arqueoloxía 522.- JLUAN		
Documento ARQ13I08T	Expediente ARQ/8/2019	Fecha 07-11-19 09:48



xeofísica), poderanse empregar medios mecánicos. Todo elo previa consulta e acordo coa Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e coa Sección municipal de arqueoloxía.

As medidas de seguridade (valado, sinais de precaución, etc.) ao longo de toda a intervención, así como o tapado das sondaxes e restos atopados correrán por conta do adxudicatario do contrato.

## 6.2. Materiais arqueolóxicos

- Procederase á recollida dos obxectos móbiles, que deberán individualizarse por unidades estratigráficas e embalarse axeitadamente para a súa conservación, estudo e posterior depósito.
- Estudo exhaustivo e tratamiento dos materiais arqueolóxicos recuperados no transcurso da intervención. Consistirán estes traballos no lavado, identificación mediante sigla, clasificación e descripción. Así mesmo será necesario realizar o debuxo e fotografado daqueles materiais máis representativos e característicos de ditas producións e aqueles especialmente singulares. O estudo dos materiais acompañarase dun soporte dixital co estudo, bases de datos, debuxos dixitalizados e fotografías realizados.
- Conservación das estruturas atopadas, mediante tapado, una vez realizados os pertinentes estudos e de acordo coas indicacións da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e da Sección municipal de arqueoloxía.

As distintas fases e labores arqueolóxicas serán controladas -e deberán contar coa conformidade- da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e da Sección municipal de arqueoloxía que porá a disposición do equipo de traballo a documentación técnica necesaria.

## 7. Coordinación e planificación dos traballos

Con carácter previo ao comezo da intervención e ao longo de todo o período de execución da mesma, levaranse a cabo reunións de coordinación entre o adxudicatario dos traballos e

Dependencia ARQ.- Arqueoloxía 522.- JLUAN		
Documento ARQ13I08T	Expediente ARQ/8/2019	Fecha 07-11-19 09:48



"Unha maneira de facer Europa"

persoal do concello. Da coordinación e seguimento técnico dos traballos arqueolóxicos encargarase a Sección Municipal de Arqueoloxía da Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación.

## 8. Equipo de traballo e solvencia técnica

De acordo co establecido no artigo 95 da Lei 5/2016, do 4 de maio do patrimonio cultural de Galicia, enténdese:

- ✓ A sondaxe arqueolóxica, como aquela remoción de terras complementaria da prospección encamiñada a comprobar a existencia de restos arqueolóxicos ou a recoñecer o seu estratigrafía. Considérase sondaxe arqueolóxica calquera toma de mostras en xacementos arqueolóxicos.

As distintas tarefas a realizar teñen a consideración de actividade arqueolóxica. Por esta razón, en virtude do estipulado na normativa de patrimonio cultural de Galicia, serán realizadas baixo a dirección de unha/un (1) arqueóloga/o, de acordo cos requisitos establecidos no artigo 5º do Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade e arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia. A titulación requerida para a realización dos traballos é a seguinte:

- Licenciatura en Filosofía e letras, con estudos en prehistoria e arqueoloxía.
- Licenciatura en xeografía e historia (sección de historia, especialidade de prehistoria e arqueoloxía ou equivalente).
- Licenciatura en historia ou equivalente, con especialidade en arqueoloxía e prehistoria.
- Grao en historia con itinerario de arqueoloxía.

O equipo completarase co persoal necesario para garantir a execución do contrato nas condicións e prazos establecidos neste prego. Cun equipo mínimo composto por:

- Unha/un (1) arqueóloga/o técnico especialista coa mesma titulación requerida ao arqueólogo director.

Dependencia ARQ.- Arqueoloxía 522.- JLUAN		
Documento	Expediente	Fecha
ARQ13I08T	ARQ/8/2019	07-11-19 09:48



- Catro (4) auxiliares de arqueoloxía.

As ofertas deberán conter os datos precisos sobre o equipo responsable da intervención. Ademais da titulación académica sinalada máis arriba, no caso do arqueólogo/a responsable da intervención, esíxese unha experiencia mínima de **10 escavacións** arqueolóxicas incluídas sondaxes e escavacións en área (cun tempo de execución superior a 10 días laborables para cada unha dasas intervencións) en calidade de director/a dos traballos.

Será necesario incluír na proposta o listado dos membros do equipo, sinalando a súa cualificación e experiencia en escavacións arqueolóxicas. No caso do arqueólogo/a técnico especialista, esíxese unha experiencia mínima de **7 escavacións** arqueolóxicas incluídas sondaxes e escavacións en área (cun tempo de execución superior a 10 días laborables para cada unha dasas intervencións) na mesma ou superior categoría. No caso dos auxiliares de arqueoloxía esíxese unha experiencia mínima de 3 escavacións arqueolóxicas incluídas sondaxes e escavacións en área (cun tempo de execución superior a 10 días laborables para cada unha dasas intervencións) na mesma ou superior categoría.

Para a acreditación dos méritos deberase achegar a documentación necesaria que permita verificar a solvencia e experiencia profesional esixida no prego.

Por último, deberase presentar relación detallada dos medios materiais dispoñibles para a execución deste contrato.

## 9. Desenvolvemento e planificación dos traballos

As intervencións obxecto do prego desenvolverase ao longo de sesenta (60) días laborables. As datas concretas para o inicio dos traballos fixaranse nas reunións de coordinación entre o departamento de arqueoloxía municipal e o adxudicatario da intervención, en función das circunstancias meteorolóxicas, do estado do xacemento, dos prazos de tramitación dos permisos, etc. Pero, independentemente das datas de inicio, os tempos de execución serán os seguintes:

1. Redacción e presentación do proxecto arqueolóxico da intervencións previstas nun prazo de 10 días laborables contados a partir da data de formalización do contrato.

Dependencia ARQ.- Arqueoloxía 522.- JLUAN		
Documento ARQ13I08T	Expediente ARQ/8/2019	Fecha 07-11-19 09:48



2. O traballo de campo para a realización das sondaxes arqueolóxicos terá un tempo de execución de 25 días laborables. Iniciándose xusto despois da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
3. Presentación do Informe Valorativo nun prazo máximo de 5 días laborables desde a data de comunicación de remate da intervención.
4. Presentación da Memoria técnica cos resultados das sondaxes arqueolóxicas, nun prazo máximo de 20 días laborables desde a data de entrega do Informe Valorativo.

#### CRONOGRAMA DA INTERVENCIÓN ARQUEOLÓXICA

*(Sondaxes arqueolóxicas no proxecto de  
Acondicionamento exterior do castelo de A Rocha)*

INTERVENCIÓN ARQUEOLÓXICA (FASE)	Semanas (días laborables)									
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
Redacción proxecto										
Traballo de campo										
Informe Valorativo										
Memoria técnica										

Non obstante, este plan poderá variar, lixeiramente, en función dos tempos que leve o proceso de contratación dos traballos, dos prazos necesarios para a autorización do proxecto arqueolóxico, condicións meteorolóxicas, etc.

#### 10. Entrega de documentación arqueolóxica

O adxudicatario do contrato deberá de facer entrega da seguinte documentación:

1. Proxecto de control arqueolóxico, no prazo previsto no apartado 9 do presente prego e cos contidos e requisitos establecidos no *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade e arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia*.

Dependencia ARQ.- Arqueoloxía 522.- JLUAN		
Documento	Expediente	Fecha
ARQ13I08T	ARQ/8/2019	07-11-19 09:48



2. Informe valorativo e Memoria técnica da intervención, no prazo previsto no apartado 9 do presente prego e cos contidos e requisitos establecidos no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade e arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia. Os documentos incluirán unha exposición pormenorizada dos traballos realizados así como a valoración das posibilidades de incidencia das obras de acondicionamento exterior sobre o patrimonio cultural, aportando medidas correctoras.

No caso de producirse algúna incidencia ao longo do tempo de execución do contrato, será necesaria a entrega dun Informe puntual que describa a causa e alcance da mesma, propoñéndose, de ser o caso, as medidas oportunas para a súa corrección ou atenuación. Estes informes de incidencias poderán realizarse por iniciativa do/a director/a da actuación arqueolóxica ou ben podería ser solicitado por parte da Sección Municipal de Arqueoloxía do Concello de Santiago ou pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

A documentación que se presente -Proxecto arqueolóxico, informes puntuais e Memoria Técnica- responderá aos seguintes formatos e condicións:

#### Número de exemplares

- Entregaránse dúas (2) copias en formato impreso, acompañadas de soporte dixital necesario (DVD, CD ou similar), do Proxecto de intervención, da Memoria Técnica e dos informes puntuais que se precisen.

#### Estándares de formato

- Textos: os textos serán escritos en word, presentados en formato DIN-A4, numerados e ordenados.
- Planos: a documentación planimétrica elaborarase nunha escala que permita a súa axeitada valoración e comprensión. Os planos presentaranse dobrados en formato DIN-A4.
- Fotografías: as fotografías impresas na documentación a entregar polo adxudicatario terán un tamaño suficiente para poder apreciar axeitadamente o seu contido.



Documento	Expediente	Fecha
ARQ13I08T	ARQ/8/2019	07-11-19 09:48



"Unha maneira de facer Europa"

A documentación sinalada arriba entregarase encarpetada en formato DIN-A4, con tapa ríxida e rotulada co título da intervención e os datos básicos que se consideren oportunos.

Ademais, a documentación tamén deberá presentarse en soporte informático, gravada en DVD, CD ou similar:

- A documentación planimétrica presentarase en PDF e tamén en formato DWG, en dúas dimensións, sendo as unidades de debuxo o metro con dous decimais. Cada ficheiro DWG conterá un único plano. Os planos e debuxos deben estar debidamente xeo-localizados en coordenadas UTM e sistema de referencia ETRS 89, zona 29.
- As fotografías presentaranse: unha copia en formato RAW (negativo dixital); e outra copia en JPEG ou TIFF (cunha resolución mínima de 300 ppp e 5500 píxeles no seu lado máis longo). Incluirase un documento índice das fotografías (en word e pdf).
- Vídeo do desenvolvemento dos traballos en dobre formato: 1 copia en calidade 4K e outra copia en calidade HD.

A Sección municipal de arqueoloxía da Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación (Concellaría de urbanismo, vivenda, cidade histórica e acción cultural) supervisará a marcha dos traballos, os informes correspondentes e a documentación entregada.


Santiago de Compostela, 07 de novembro de 2019

O Arqueólogo Municipal

Javier Luaces Anca


Documento	Expediente	Fecha
ARQ13I08T	ARQ/8/2019	07-11-19 09:48

## ANEXO 1: SITUACIÓN DA ZONA DE INTERVENCIÓN



Situación e ámbito do proxecto de acondicionamento exterior do castelo (vista aérea dende o norte)

Documento	Expediente	Fecha
ARQ13I08T	ARQ/8/2019	07-11-19 09:48



Vista xeral do proxecto de acondicionamento exterior do castelo de A Rocha Forte (r v r, 2014)

Documento	Expediente	Fecha
ARQ13I08T	ARQ/8/2019	07-11-19 09:48

## ANEXO 2: BIBLIOGRAFÍA E DOCUMENTACIÓN

### Bibliografía

- PORTELA, E.; PALLARES, M<sup>a</sup> C.; SÁNCHEZ, X.M. (2004) Rocha forte, el castillo y su historia. Xunta de Galicia
- VV. AA. (2013). ROCHAFORTE. Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación. Concellaría de Desenvolvemento Urbano e Sostible. Concello de Santiago.

### Memorias/informes:

- ÁLVAREZ MERAYO, I. (2005) Memoria técnica Sondaxes valorativas no entorno do xacemento do Castelo da Rocha" (Santiago- A Coruña)
- BARBEITO, V. (2013) Memoria - informe do control arqueolóxico das obras de instalación da LMTS á Cidade da Cultura (Santiago de Compostela, A Coruña). Adro arqueolóxica. Unión Fenosa Distribución, S.A.
- BÓVEDA , M<sup>a</sup> J. (2013) Memoria 1 da intervención arqueolóxica integral de excavación, consolidación e restauración no Castelo de A Rocha Forte, Santiago de Compostela. Concello de Santiago. Dispoñible en:
- PARGA, A. (2013). Estudio de documentación histórica y excavación del yacimiento de A Rocha Forte: anexo complementario para la prospección arqueológica intensiva del territorio de A Rocha (Santiago de Compostela).
- VEIGA LÓPEZ, N. (2014) Informe Memoria Control arqueológico del proyecto de retranqueo de L.M.T. lugar de Ponte da Rocha, Santiago de Compostela (A Coruña)

### Páxinas web de interese:

<https://rochaforte.santiagodecompostela.gal>

<https://xeoportal.santiagodecompostela.gal/xeoportalsantiago/#/Inicio>